

*Orde do 10 de xullo de 2008 pola que se publica a modificación dos estatutos da Mancomunidad da Comarca de Fisterra.*

A Mancomunidad da Comarca de Fisterra tramitou a modificación dos seus estatutos co gallo de reflectir a incorporación a ela solicitada polo Concello de Muxía en sesión plenaria do 30 de decembro de 2005.

O procedemento de modificación das mancomunidades está regulado no artigo 143 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. En cumprimento do disposto no citado precepto, o presidente da devandita mancomunidad remitiulle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a documentación relativa á súa modificación.

Examinado o expediente, considérase que a tramitación da modificación estatutaria seguiu o procedemento legalmente previsto para tal fin que, en síntese, foi a que segue:

-A xunta da mancomunidad acorda iniciar o procedemento de modificación dos seus estatutos, en sesión ordinaria do 6 de marzo de 2006.

-O referido acordo someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante edicto publicado no BOP da Coruña nº 100, do 3 de maio de 2006, e simultaneamente remitíuselles á Deputación Provincial da Coruña e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o seu informe durante o prazo dun mes.

-Consta certificado do secretario da mancomunidad de non presentación de alegacións no dito prazo.

-A Deputación Provincial da Coruña, en sesión plenaria realizada o día 25 de maio de 2006, acordou emitir informe favorable da referida modificación.

-O 27 de abril de 2006 e o 28 de xullo de 2006 a Dirección Xeral de Administración Local emitiu informe ao respecto. As ditas consideracións foron aceptadas pola xunta da mancomunidad en sesión do 23-6-2006.

-Os plenos dos concellos de Cee, Corcubiión, Fisterra e Dumbría aprobaron, por maioría absoluta do número de membros de cada corporación, a modificación dos estatutos.

-O presidente da mancomunidad remitiulle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza unha copia certificada dos acordos de modificación dos estatutos da devandita mancomunidad.

En atención ao exposto e de conformidade co disposto no artigo 143.1ºd) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e demais normativa de aplicación,

#### **DISPOÑO:**

Artigo único.-Publicar a modificación dos estatutos da Mancomunidad da Comarca de Fisterra sendo o texto deste o que se recolle no anexo desta orde.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2008.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### **ANEXO**

Artigo 1.-Os concellos de Cee, Corcubiión, Fisterra, Dumbría e Muxía, da provincia da Coruña, ao abeiro do disposto no ordenamento xurídico vixente en materia local, constitúense en mancomunidad voluntaria para a execución, organización e xestión das obras, servizos e actividades da súa competencia que se recollen nestes estatutos.

Artigo 46.-A modificación de estatutos realizarase de conformidade co procedemento exixido na lexislación aplicable en cada momento.

#### *Disposicións transitorias.*

Primeira.-Este estatuto modifica o anterior aprobado cando a constitución da mancomunidad, de conformidade co disposto na lexislación aplicable.

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Decreto 147/2008, do 10 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2008/2009.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece no seu artigo 81.3º b) que lle corresponde á Comunidade Autónoma fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, dentro dos límites que a nivel estatal establece a Conferencia General de Política Universitaria. Para os restantes estudos serán fixados polo Consello Social da respectiva universidade, de acordo co disposto no artigo 81.3º c) da citada Lei orgánica, e no artigo 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

A Lei 8/1989, do 13 de abril (BOE do 15 de abril), de taxas e prezos públicos, outórgalle ás referidas taxas a consideración de prezos públicos. Pola súa parte, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 43 que se entende por prezos públicos.

Neste contexto normativo, este decreto fixa os importes que pagará o alumnado polos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez nacional no ensino universitario, dentro dos límites que fixe a Conferencia Xeral de Política Universitaria, que este ano, na sesión que tivo lugar o 2 de xuño de 2008, fixou para o curso 2008-2009 o límite mínimo de aumento dos prezos académicos e

demais dereitos polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais na porcentaxe de incremento do IPC, definido no período que vai do 30 de abril de 2007 ao 30 de abril de 2008, e o límite máximo no IPC incrementado en 4 puntos. Excepcionalmente as comunidades autónomas poderán modificar o límite superior dos prezos públicos dos novos estudos universitarios de posgrao regulados polo Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, ata un máximo equivalente ao 30% do custo.

Tendo en conta as previsións macroeconómicas xerais para Galicia, e a distinción entre ensinanzas renovadas, non renovadas e de grao, así como a diferenza entre o prezo da 1ª matrícula fronte ao prezo da 2ª e 3ª e sucesivas matrículas e, ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei de Galicia 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre fixar os prezos correspondentes ao ano académico 2008-2009 polos estudos universitarios conducentes a títulos oficiais, incrementando os prezos do curso pasado na contía correspondente á suba do IPC estatal determinado entre o 30 de abril de 2007 e o 30 de abril de 2008, é dicir, o 4,2%.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, co informe do Consello Galego de Universidades, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dez de xullo de dous mil oito,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Ámbito de aplicación.*

1. Os prezos que se pagarán no curso 2008/2009 polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no sistema universitario de Galicia, son os establecidos segundo as normas deste decreto e na contía que se sinala no seu anexo.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo seu respectivo Consello Social, de conformidade co establecido no artigo 81.3º c) da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e pola Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, no seu artigo 4 e).

#### Artigo 2º.-*Modalidades de matrícula.*

1. Ensinanzas non renovadas. Os prezos públicos establecidos no punto 1.1. da tarifa primeira do anexo deste decreto poderán aboarse por curso completo ou por materias. As materias poderán ser anuais ou cuadrimestrais, de acordo co establecido pola

universidade, en función do número de horas lectivas que figure nos plans de estudos. O importe do prezo aplicable para as materias cuadrimestrais será a metade do establecido para as anuais.

2. Ensinanzas renovadas. No caso de ensinanzas renovadas os prezos públicos establecidos no punto 1.2. da tarifa primeira do anexo deste decreto deberán aboarse por materias. O importe das materias calcularase de conformidade co número de créditos asignado a cada unha delas e o prezo establecido para o crédito.

3. Ensinanzas de grao adaptadas ao Espazo Europeo de Ensinanza Superior. Os prezos públicos que van se aboados pola matrícula son os establecidos no punto 1.3 da tarifa primeira do anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula.

4. Cando un alumno/a se matricule nunha mesma materia ou disciplina por segunda vez, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 15% respecto da primeira matrícula.

5. Cando un alumno/a se matricule nunha mesma materia ou disciplina por terceira vez, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 35% respecto da primeira matrícula.

6. Cando un alumno/a se matricule nunha mesma materia ou disciplina por cuarta ou posteriores veces, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 50% respecto da primeira matrícula.

#### Artigo 3º.-*Matrícula de materias soltas.*

1. Cando o alumnado se matricule de materias soltas, o importe do prezo establecido para cada unha delas, no caso das ensinanzas non renovadas, será diferente segundo o curso ao que corresponda estea constituído por menos de sete materias anuais ou por sete ou máis materias anuais. Para estes efectos unha disciplina anual será equivalente a dúas cuadrimestrais.

2. Non obstante o establecido nos artigos anteriores, o alumnado que empece os seus estudos de ensinanzas renovadas ou non renovadas, deberá matricularse do primeiro curso completo, coa excepción dos casos en que sexan validadas materias do dito primeiro curso, en cuxo caso os prezos son os establecidos no artigo 8º.

#### Artigo 4º.-*Matrícula en créditos de libre elección.*

Os créditos correspondentes a libre elección serán aboados, de acordo coa tarifa establecida para a titulación que se pretende obter, con independencia do departamento ou centro onde se cursen os ditos créditos.

*Artigo 5º.-Programas oficiais de posgrao.*

Os prezos que hai que aboar pola matrícula en másters e doutoramento son os establecidos no apartado 1.4 da tarifa primeira do anexo. Excepcionalmente, naqueles másters que requiran custos moi elevados para o seu desenvolvemento, a Comunidade Autónoma poderá autorizar un incremento de ata un máximo do 30% do custo do máster, logo de informe que xustifique a excepcionalidade.

A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula. As universidades poderán establecer un número mínimo de créditos para a formalización da matrícula, así como estruturala por módulos ou por materias.

*Artigo 6º.-Pagamento dos prezos públicos.*

O prazo para o pagamento dos prezos públicos será o fixado na resolución reitoral da correspondente universidade.

O feito de non facer efectivo o pagamento dos prezos públicos universitarios ou de calquera dos seus fraccionamentos nos prazos establecidos na resolución reitoral, poderá comportar a exixencia dos importes correspondentes polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, consonte coa normativa vixente.

*Artigo 7º.-Centros adscritos.*

O alumnado dos centros adscritos aboaranlle á universidade, en concepto de expediente académico e de proba de avaliación, o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio que o dito centro teña coa respectiva universidade. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

*Artigo 8º.-Adaptación a novos plans de estudo, validación de estudos, recoñecemento e transferencia de créditos, e acreditación de competencias nos programas oficiais de posgrao.*

1. A adaptación de estudos, regulada polo Acordo do 25 de outubro de 2004, do Consello de Coordinación Universitaria, polo que se establecen os criterios xerais aos que se axustarán as universidades en materia de convalidación e adaptación de estudos, é o acto administrativo polo que se lle recoñece validez académica aos estudos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte un plan de estudos. Esta adaptación será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, aboaráse á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

2. A validación de estudos, regulada polo Acordo do 25 de outubro de 2004, do Consello de Coordinación Universitaria, polo que se establecen os criterios xerais aos que se axustarán as universidades en

materia de convalidación e adaptación de estudos, é o acto administrativo polo que se lle recoñece validez académica aos estudos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, debendo aboar sempre á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

3. O recoñecemento de créditos, regulado polo Real decreto 1393/2007, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, é a aceptación por unha universidade dos créditos que, sendo obtidos nunhas ensinanzas oficiais, na mesma ou outra universidade, son computados noutras distintas para efectos da obtención dun título oficial. Este recoñecemento será gratuíta para os créditos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte un plan de estudos e que provén de centros públicos. Esta mesma consideración estenderase aos estudos cursados en titulacións que por transformación son substituídos polas novas de grao.

No caso de créditos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, os alumnos procedentes de centros públicos aboaranlle á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, aboaráse á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

4. A transferencia de créditos, regulado polo Real decreto 1393/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, implica que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, se incluírán a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na mesma ou outra universidade, que non conduciron á obtención dun título oficial. Esta transferencia será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, aboaráse á universidade 30 € en concepto de gastos de xestión.

5. Nos programas oficiais de posgrao, os prezos que se aboarán pola acreditación de competencias serán o 25% dos prezos establecidos no anexo.

*Artigo 9º.-Bolsas.*

De conformidade co establecido no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro (BOE do 17 de xaneiro de 2008), polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o alumnado que reciba unha bolsa de estudos con cargo aos orzamentos xerais do Estado non estará obrigado a pagar o prezo polos servizos académicos.

*Artigo 10º.-Matrículas de honra.*

As bonificacións correspondentes á aplicación dunha ou varias matrículas de honra, levaranse a cabo logo de facer o cálculo do importe total da

matrícula, e no caso das ensinanzas renovadas ou de grao, aplicaranse ao número de créditos correspondentes á disciplina ou materias nas que obtivo a matrícula de honra.

O alumnado con matrícula de honra global en 2º curso de bacharelato con premio extraordinario no bacharelato ou no ciclo superior de formación profesional, terá dereito, durante o primeiro ano e por unha soa vez, á exención total do pagamento dos prezos públicos por matrícula.

**Artigo 11º.-Familias numerosas.**

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as que teñan recoñecida a condición de membro de familia numerosa de categoría especial. Terán unha exención do 50% os alumnos/as que teñan recoñecida a condición de membro de familia numerosa de categoría xeral.

A condición de familia numerosa acreditarase mediante documento expedido pola Administración autonómica competente, que deberá estar vixente no prazo de matrícula fixado por cada universidade.

**Artigo 12º.-Discapacidade.**

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

**Artigo 13º.-Vítimas de actos terroristas.**

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as vítimas de actos terroristas ou que sexan fillos/as ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas.

A condición de vítima de acto terrorista acreditarase, de conformidade co disposto no artigo 4 bis, punto 3º, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado por cada universidade para que teña eficacia, segundo dispón o artigo 5.2º da mesma lei.

**Artigo 14º.-Violencia de xénero.**

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as que sufran violencia de xénero. Tamén quedarán exentos no caso de que sexan os seus proxenitores os que a sufran.

A situación de violencia de xénero será acreditado por calquera das seguintes formas:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

c) Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública, autonómica ou local.

e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

f) Calquera outro que se estableza regulamentariamente.

**Artigo 15º.-Materias sen docencia.**

No caso das materias de plans de estudos con dereito a exame pero nas que non se imparte xa docencia, pagarase por crédito ou disciplina, segundo corresponda, o 25% dos prezos da tarifa ordinaria.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

**ANEXO**

**Tarifa primeira. Actividade docente**

**1.1. Ensinanzas non renovadas:**

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
<b>Epígrafe A)</b>				
Curso completo	795,40 €			
Disciplina anual dun curso de menos de 7 materias	206,80 €	237,82 €	279,18 €	310,19 €
Disciplina anual dun curso de 7 ou máis materias	136,89 €	157,43 €	184,80 €	205,34 €
<b>Epígrafe B)</b>				
Curso completo	561,78 €			
Disciplina anual dun curso de menos de 7 materias	143,26 €	164,75 €	193,41 €	214,89 €
Disciplina anual dun curso de 7 ou máis materias	95,49 €	109,82 €	128,92 €	143,24 €

Epígrafe A)  
Licenciado/a en química (Universidade de Vigo)  
Enxeñeiro/a industrial (Universidade de Vigo)  
Arquitecto/a técnico/a (Universidade da Coruña)

Epígrafe B)  
Licenciado/a en dereito (Universidade da Coruña)



## 1.2. Ensinanzas renovadas (prezo dun crédito):

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	13,25 €	15,24 €	17,89 €	19,88 €
Epígrafe B)	9,37 €	10,76 €	12,64 €	14,05 €

Epígrafe A)  
 Licenciado/a en farmacia  
 Licenciado/a en bioloxía  
 Licenciado/a en matemáticas  
 Licenciado/a en ciencia e tecnoloxía dos alimentos  
 Licenciado/a en física  
 Licenciado/a en química  
 Licenciado/a en medicina  
 Licenciado/a en odontoloxía  
 Licenciado/a en veterinaria  
 Licenciado/a en ciencias do mar  
 Licenciado/a en belas artes  
 Licenciado/a en comunicación audiovisual  
 Licenciado/a en ciencias da actividade física e do deporte  
 Licenciado/a en máquinas navais  
 Licenciado/a en náutica e transporte marítimo  
 Arquitecto/a  
 Enxeñeiro/a  
 Arquitecto/a técnico/a  
 Enxeñeiro/a técnico/a  
 Diplomado/a en enfermaría  
 Diplomado/a en fisioterapia  
 Diplomado/a en podoloxía  
 Diplomado/a en logopeedia  
 Diplomado/a en terapia ocupacional  
 Diplomado/a en óptica e optometría  
 Diplomado/a en máquinas navais  
 Diplomado/a en navegación marítima

Epígrafe B)  
 Outros estudos de ensinanzas renovadas conducentes a títulos oficiais de primeiro e segundo ciclo, distintos dos especificados na epígrafe A)

## 1.3. Ensinanzas de grao adaptadas ao E.E.E.S. (prezo dun crédito):

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	13,25 €	15,24 €	17,89 €	19,88 €
Epígrafe B)	9,37 €	10,76 €	12,64 €	14,05 €

Epígrafe A)  
 Graduado/a en matemáticas  
 Graduado/a en belas artes  
 Graduado/a en terapia ocupacional

Epígrafe B)  
 Graduado/a en ciencia política e da administración.  
 Graduado/a en socioloxía

## 1.4. Outros estudos:

1. Estudos conducentes ao título de doutor/a regulados polo Real decreto 778/1998, do 30 de abril.

Estudos conducentes a un título de doutor/a nun programa de doutoramento relacionado cos títulos especificados na epígrafe A) do punto 1.2 49,78 €/crédito

Estudos conducentes a un título de doutor/a nun programa de doutoramento relacionado cos títulos especificados na epígrafe B) do punto 1.2 35,13 €/crédito

Titoría anual de doutoramento 98,99 €

2. Estudos conducentes ao título de máster e doutor/a regulados polo Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro.

Estudos conducentes a un título de máster ou doutor/a especificados na epígrafe A) 28,34 €/crédito

Estudos conducentes a un título de máster ou doutor/a especificados na epígrafe B) 19,26 €/crédito

Titoría anual de doutoramento 98,99 €

3. Estudos de especialidades.

Estudos de especialidades médicas que non precisen formación hospitalaria do parágrafo 3º do anexo do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, en unidades docentes acreditadas 32,18 €/crédito

Estudos de especialidades en enfermaría en unidades docentes acreditadas, consideradas no Real decreto 992/1987, do 3 de xullo 8,21 €/crédito

Estudos das especialidades de farmacia, análises clínicas, en escolas profesionais recoñecidas segundo o Real decreto 2708/1982, do 15 de outubro 32,18 €/crédito

Epígrafe A): másters e doutoramentos das áreas da Ciencias Experimentais/da Saúde/Ensinanzas Técnicas:

Máster en Acuicultura.

Máster en Aplicacións de procesado de sinal en comunicacións.

Máster en Asistencia e Investigación Sanitaria.

Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados.

Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Máster en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental.

Máster en Ciencia e Tecnoloxía das Industrias Lácteas.

Máster en Consultoría de Software Libre.

Máster en Enerxía e Sustentabilidade.

Máster en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética.

Máster en Enxeñaría Ambiental.

Máster en Enxeñaría Biotecnolóxica.

Máster en Enxeñaría da Auga.

Máster en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais.

Máster en Enxeñaría e Tecnoloxía Industrial.

Máster en Enxeñaría Marítima.

Máster en Enxeñaría Matemática.

Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica.

Máster en Enxeñaría para o Medio Rural.

Máster en Enxeñeiro de Soldadura.

Máster en Física Aplicada.

Máster en Fotónica e Tecnoloxías do Láser.

Máster en Informática.

Máster en Investigación en Ciencias da Visión.

Máster en Neurociencia.

Máster en Nutrición.

Máster en Optometría Avanzada.

Máster en Prevención en Riscos Laborais.

Máster en Psicoxerontoloxía.

Máster en Química Ambiental e Fundamental.

Máster en Química Avanzada.

Máster en Química Orgánica.

Máster en Rehabilitación Arquitectónica.

Máster en Seguridade Integral na Industria.

Máster en Técnicas Estatísticas.

Máster en Tecnoloxías da Información e Comunicacións en Redes Móviles.

Máster en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil.

Máster en Theoretical Chemistry and Computational Modelling.

Máster en Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade.

Máster en Xerontoloxía.

Máster en Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia.

Doutor en Acuicultura.

Doutor en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Doutor en Ciencia e Tecnoloxía Química.

Doutor en Ciencias da Saúde.

Doutor en Ciencias da Visión.

Doutor en Comunicacións Multimedia.

Doutor en Economía e Empresa.

Doutor en Comunicacións Multimedia.

Doutor en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética.

Doutor en Enxeñaría Biotecnolóxica.

Doutor en Enxeñaría Marítima.

Doutor en Estatística e Investigación Operativa.

Doutor en Física Aplicada.

Doutor en Fotónica e Tecnoloxías do Láser.

Doutor en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas.

Doutor en Neurociencia.

Doutor en Psicoxerontoloxía.

Doutor en Química Ambiental e Fundamental.

Doutor en Química Teórica e Modelización Computacional.

Doutor en Xerontoloxía.

Epígrafe B): másters e doutoramentos das áreas das Ciencias Sociais e Xurídicas/Humanidades:

Máster en Asesoramento Xurídico Empresarial.

Máster en Banca e Finanzas.

Máster en Comercio Internacional.

Máster en Contabilidade e Finanzas.

Máster en Creación, Dirección e Innovación na empresa.

Máster en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente.

Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea.

Máster en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica.

Máster en Dirección de Empresa Familiar.

Máster en Dirección de Proxectos.

Máster en Dirección e Planificación do Turismo.

Máster en Dirección Integrada de Proxectos.

Máster en Edición.

Máster en Educación, Xénero e Igualdade.

Máster en Estudos de Xénero.

Máster en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura.

Máster en Historia Contemporánea.

Máster en Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia.

Máster en Intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos.

Máster en Intervención na Discapacidade e na Dependencia.

Máster en Lingua e Usos Profesionais: Español/Galego/Inglés.

Máster en Lóxica e Filosofía da Ciencia.

Máster en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural.

Máster en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial.

Máster en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega.

Máster en Servizos Culturais.

Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible.

Máster en Xestión e Dirección Laboral.

Máster en Xestión e Políticas Públicas.

Máster Mundus Crossways in European Humanities.

Doutor en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica.

Doutor en Dirección e Planificación do Turismo.

Doutor en Educación, Xénero e Igualdade.

Doutor en Estudos de Xénero.

Doutor en Historia Contemporánea.

Doutor en Lóxica e Filosofía da Ciencia.

Doutor en Saúde, Discapacidade, Dependencia e Sociedade.

Doutor en Tecnoloxías da Información e Comunicacións en Sistemas de Telecomunicación.

Doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada.

Doutor en Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade.

Doutor en Xestión e Dirección Laboral.

#### Tarifa segunda. Avaliación e probas

1. Probas de aptitude de acceso á universidade	63,67 €
2. Certificado de aptitude pedagóxica	186,29 €
3. Curso de iniciación e orientación para maiores de 25 anos	95,00 €
4. Realización de requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros de educación superior:	
a) Proba de aptitude/proba de conxunto	116,53 €
b) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	13,25 €/crédito
c) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	9,37 €/crédito
d) Proxecto ou traballo	116,53 €
e) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	13,25 €/crédito
f) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	9,37 €/crédito
5. Proxectos fin de carreira	117,09 €
6. Exame para o grao de licenciado/a	117,09 €
7. Exame para o grao de doutor/a	117,09 €
8. Cursos e exame de reválida/tese de licenciatura nas escolas sociais	117,09 €
9. Obtención por validación do título de diplomado/a en escolas universitarias	
a) Por avaliación académica e profesional conducente á devandita validación	117,09 €
b) Por traballos exixidos para a dita validación	194,99 €
10. Homologación ao título/grao español de posgrao oficial estranxeiro (máster ou doutor/a)	112,65 €

#### Tarifa terceira. Títulos e secretaría

1. Expedición de títulos académicos:	
a) Doutor/a	183,10 €
b) Licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a, máster oficial	123,10 €
c) Diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a	60,10 €
d) Suplemento europeo ao título	76,92 €
e) Licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a, máster oficial máis suplemento europeo ao título	133,34 €
f) Diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a máis suplemento europeo ao título	91,34 €
g) Diploma de estudos avanzados	59,16 €
h) Duplicados de títulos universitarios oficiais	28,09 €
2. Secretaría:	
a) Apertura de expediente académico ao comezar os estudos	22,31 €
b) Certificacións académicas e traslados de expediente académico	22,31 €
c) Expedición e mantemento de tarxetas de identidade	4,79 €
d) Solicitud de equivalencia de estudos estranxeiros	27,09 €

## AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*Corrección de erros.-Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se convoca o correspondente proceso de selección.*

Advertidos erros no texto da resolución, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 115, do 16 de xuño de 2008, cómpre facer a corrección seguinte:

Na páxina 11.545, na epígrafe V. Ámbito territorial, debe engadirse, como primeiro parágrafo:

Para os efectos da aplicación do Programa Leader Galicia 2007-2013, terá a consideración de territorio elixible todo o territorio rural galego, con exclusión das seguintes áreas sitas nos concellos non comprendidos nas zonas de reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010:

-Entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes.

-Parques empresariais.

## PORTOS DE GALICIA

*Resolución de 4 de xullo de 2008 pola que se anuncia o peche das convocatorias públicas para a presentación de solicitudes de autorizacións de atraque para embarcacións deportivas (7ª lista), nos pantaláns de Portos de Galicia dos portos da Pobra, Corme, O Freixo, Muros, Mugardos, Pontedeume, Ribeira e Sada.*

De conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de portos, e en virtude das facultades conferidas pola Orde do 29 de xaneiro de 1996 (DOG nº 28, do 8 de febreiro), sobre delegación de competencias no presidente de Portos de Galicia, anúnciase o peche da convocatorias públicas para a presentación de solicitudes de autorizacións de atraque para embarcacións deportivas (7ª lista), nos pantaláns de Portos de Galicia dos portos da Pobra, Corme, O Freixo, Muros, Mugardos, Pontedeume, Ribeira e Sada.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2008.

Jacinto Parga Fernández  
Presidente de Portos de Galicia